

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 15 DE MARZO DE 2019

### **Asistentes:**

#### **Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

#### **Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### **PDI**

Barrriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Vaquero Díaz, María Beatriz

#### **PDI contratado**

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

#### **Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

López Verísimo, Rubén

Rodríguez Álvarez, Lucía

#### **Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

### **Desculpan a súa ausencia:**

#### **Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

#### **PDI**

López Díaz, María

Uña Álvarez, Elena de

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o venres 15 de marzo de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2019.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2017-2018.
4. Rolda de intervencións

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Indica tamén que non está presente por atoparse de baixa por enfermidade o Prof. Alberto Valín Fernández.

**1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2019.**

Apróbase a acta por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Non se presentan informes. A presidenta explica que hoxe non se atopa ben de saúde e que a sesión será breve.

## 3.- Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2017-2018.

Explica a decana que onte ás 18.00 horas reuniuse a Comisión de Calidade da Facultade de Historia para tratar da validación do informe de revisión pola dirección correspondente ao curso 2017-2018. Pasa a explicar o acontecido na reunión de onte e os puntos máis relevantes do informe.

Apróbase por asentimento de todos os membros presentes.

## 4.- Rolda de intervencións

Piden a palabra os profesores Antonio Presedo Garazo e Julio Prada Rodríguez, para facer un rogo dado que desexan tratar un tema que non está na orde do día.

O profesor Antonio Presedo, solicita que, de ser posible, se lles conceda unha pequena axuda económica para o *Seminario científico de Historia Moderna: cidades, vilas, aldeas. Tipoloxía dos núcleos habitados na Europa Moderna (1500 – 1800)*. Este seminario será impartido polo prof. Juan E. Gelabert da Universidade de Cantabria, e forma parte das actividades docentes programadas pola área de Historia Moderna para as materias que imparte o seu profesorado.

O profesor Julio Prada, desexa tamén solicitar a colaboración económica para as *Xornadas de Moderna Contemporánea. Conceptos de Historia*.

Nos dous casos que se comentan, a axuda consistiría en pagar o transporte aos relatores e o xantar.

A decana, indícalles que nestes momentos non lles pode dar unha resposta. Realizará as consultas oportunas e daralles unha contestación o antes posible.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 15 de marzo de 2019, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba